



Informe de memoria final

Departamento didáctico

Ciclo/Departamento
Latín

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011592	IES Santa Irene	Vigo	2025/2026

Memoria final do ciclo/departamento

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

En xeral foi un ano complicado. Quedou unha vacante por xubilación e o alumnado estivo moito tempo sen clase. Perderon as poucas bases que tiñan e foi necesario volver a retomalas e asentalas. Nos cursos de bacharelato foi máis doado, pero en 4º da ESO, a pesares de que foi posible cumprir o programa, a adquisición foi mínima; xa que non houbo case interese. Os resultados non marcan con completa fidelidade o desenvolvemento e interese do alumnado; especialmente en 4º e 1º de bach. Foron cursos bastante caóticos e desinteresados con pouca capacidade de traballo. En 2º, pola súa parte, reflexa ben o nivel dos alumnos.

Valoración xeral das actuacións/actividades desvelvidas polo departamento/equipo ciclo

No departamento, neste caso unipersoal, procurouse facer o mellor posible cos medios dispoñibles. Foi complicado compensar o tempo perdido pero as notas subiron nos tres cursos e foron bastante boas na PAU.

Propostas de mellora para o seguinte curso

Para o seguinte curso propónse unha metodoloxía máis esixente e rigurosa, sobre todo en 4º de ESO e 1º de bacharelato, xa que se foi moi laxo co alumnado e, pese á pouca ética de traballo, as notas son bastante elevadas para o que fixeron.

Outras observacións

Apréciase unha enorme baixada de nivel no que corresponde ao Latín, pero nótanse carencias catastróficas a nivel de comprensión lingüística, análise sintáctico, lectura e capacidade lóxica. É preocupante que o alumnado que cursa unha asignatura como Latín, careza tan acusadamente de competencias básicas e necesarias para poder chegar a comprender esta lingua.

Seguimento final das programacións didácticas